

TEMA 1 O INICIO DA IDADE MEDIA. XERMANOS E BIZANTINOS

O inicio (páxina 32)

1. Quen dividiu o Imperio? Cando? Por que? En cantas partes? cales eran? Onde tiñan a súa capital?

O Imperio Romano foi dividido por Teodosio no 395 en dúas partes, Imperio Romano de occidente e Imperio Romano de oriente, para facilitar a defensa fronte aos ataques dos pobos xermanos. O Imperio romano de occidente vouno herdar o seu fillo Honorio, e ten a súa capital en Roma. O Imperio romano de oriente vouno herdar o seu fillo Arcadio, con capital en Constantinopla.

2. Que pasou con cada unha? Ata cando duraron? Por que?

O Imperio romano de occidente sufriu as invasións dunha serie de pobos xermánicos. No ano 476 caeu en mans dos hérulos, desaparecendo o Imperio e dividíndose en distintos reinos xermánicos.

O Imperio romano de oriente logrou sobrevivir case 1000 anos máis co nome de Imperio Bizantino ata que en 1453 os turcos conquistaron Constantinopla súa capital.

O Imperio bizantino

3. Cal foi a época de esplendor do Imperio? Con que emperador? Que pretendía? (páxina 34)

A época de esplendor do Imperio Bizantino foi no século VI cando era Xustiniano emperador, xa que quixo restablecer a unidade do antigo imperio romano e conquistou diversos territorios do Mediterráneo.

4. Trallemos co mapa!!



- a) De que é o mapa (onde se sitúa xeograficamente)? Cal é o tema (que representa)? de que Época é? O mapa é de Europa, pero centrado entorno ao Mediterráneo. Representa o Imperio Bizantino en época de Xustiniano, de a primeira metade do século VI.

- b) Que símbolos (cores, frechas...) emprega? Que representan? No mapa se representa o Reino Franco, en cor laranxa, o Imperio de Oriente antes de Xustiniano, en cor rosa claro, as conquistas de Xustiniano durante o seu reinado, en cor rosa escuro, e a dirección da expansión bizantina mediante frechas.
- c) Que territorios conquista Xustiniano? Pódese ver no mapa que Xustiniano conquistou o norte de África, a península itálica e o sur da península ibérica.
- d) Explica o por que destas conquistas e sinala as outras etapas do Imperio bizantino. Xustiniano pretendía restablecer a unidade do antigo imperio romano e conquistou diversos territorios do Mediterráneo, aínda que non logrou o seu obxectivo totalmente. Tras a súa morte, a maioría dos territorios perdéronse. Esta foi a etapa de esplendor do imperio Bizantino. Despois se sucederon dúas etapas máis, pero xa perdendo territorios: no século VII, os musulmáns arrebatánlle as provincias máis ricas (próximo oriente) e o norte de África; e desde mediados do século Xi, iniciou unha profunda crise ata a conquista de Constantinopla no 1453.

5. Quen dirixía o Imperio? Que título tiña? Cales eran os seus poderes? Quen dirixía o Imperio bizantino era o Basileus. Concentraba todos os poderes. Ademais de ser o xefe político-militar, era tamén o xefe da igrexa.

~~6. E as provincias? Como se administraban? O Basileus axudábase para gobernar as provincias duns gobernadores, que tiñan poder político militar.~~

7. En que se baseaba a economía bizantina? En que outros sectores destacou? Baseábase nunha agricultura producida en grandes propiedades. Tamén destacaba na artesanía e o comercio a longa distancia.

~~8. Describe a sociedade bizantina. (páxina 36)~~

~~Estaba dividida en tres niveis. O superior estaba ocupada pola aristocracia e os altos cargos da igrexa; a nivel intermedio o resto do clero, funcionarios, ricos comerciantes e campesiños libres; no nivel máis baixo, servos e escravos.~~



Os reinos xermánicos

Asentamento

9. Que territorios xurdiron coa desaparición do Imperio Romano de Occidente? Quen os dirixía? Poderías localizalos nun mapa? (páxina 38)

Entre os séculos V e VIII os pobos xermánicos formaron no seu territorio diversos reinos independentes como o reino ostrogodo en Italia, o reino dos lombardo, na actual Lombardía ou o reino dos anglo-saxóns, na actual Inglaterra.



10. Que se entende por "proceso de ruralización"? Que se entende por autarquía?

Por **proceso de ruralización** enténdese o proceso polo cal Europa occidental foi facéndose máis rural, é dicir, que as cidades perderon importancia en favor das aldeas (a xente foise a vivir ao campo maioritariamente) e as actividades económicas urbanas, como o comercio e a artesanía, foron practicamente desaparecendo en favor do sector agrario. A economía tendeu á **autarquía**, ao autoconsumo, a producir todo aquilo que se necesitaba, sobre todo dentro das grandes propiedades.

11. Explica as transformacións sociais que se produciron coa chegada e asentamento destes pobos xermánicos.

Pois os guerreiros, como a nobreza xermana, e os grandes propietarios convertéronse na elite da sociedade. As clases medias, como artesáns, comerciantes e campesiños libres, foron minguando; mentres, servos e escravos aumentaron o seu número.

12. Que pasou cos saberes? En que artes destacaron os pobos xermánicos?

As escolas desapareceron e o saber quedou reducido a algúns lugares illados como os mosteiros. As grandes artes case desapareceron, pero os xermanos destacaron noutras artes menores como a ourivería.

Suevos e visigodos

13. Onde se situaron os suevos? Por que? (páxina 40)

Os suevos situáronse na antiga provincia romana da Gallaecia, porque aliáronse con emperador romano Honorio para gardar a seguridade desa provincia.

14. Mantivéronse nesa provincia? Xustifica a resposta.

Non, xa que en tempos de Requila iniciaron unha serie de campañas contra outras provincias para estender o seu reino, pero foron derrotados.

15. Como rematou o reino suevo?

Foi invadido polos visigodos, en tempos de Leovixildo, no ano 585.

16. Por que os visigodos se estableceron en Tolosa? Cando? Por que decidiron trasladarse ao sur dos Pireneos?

Porque chegaron a un pacto con Roma para que defenderan ese territorio dos ataques doutros pobos no ano 418. No 507, trala derrota na batalla de Vouillé polos francos, decidiron trasladarse ao sur dos Pireneos.

17. Onde estableceron a nova capital? Que fixo Leovixildo? Recaredo? Recesvinto?

Estableceron a nova capital en Toledo. Leovixildo conquistou toda Hispania tras someter a suevos, cántabros, ástures e vascóns, expulsou aos bizantinos. Recaredo integrou á poboación hispanorromana ao converterse ao catolicismo no 589. E Recesvinto unificou as leis de hispanovisigodos e hispanorromanos co Foro Xuzgo no 654.

18. Como era a monarquía destes pobos xermanos? Que quere dicir iso? Que consecuencias negativas tiña?

Tiñan unha monarquía electiva, que quere dicir que cando morría un rei, elixían outro (non herdaba o fillo). Isto desataba moitas loitas polo poder pola sucesión do rei.

19. Que organismo asesoraba o rei? Quen o formaba?

O rei era asesorado pola Aula Rexia, organismo formado por nobres e eclesiásticos e antecedente dos gobernos actuais.

20. ~~Describe a sociedade da época:~~

~~Na cabeza estaban unha minoría de nobres guerreiros e altos eclesiásticos. Por debaixo, os traballadores dos latifundios, artesáns e comerciantes. Por último, os servos.~~

Os francos e o imperio carolinxio

21. Onde se instaláron os francos a finais do século V? (páxina 42)

Instaláronse no ano 481 no norte da provincia romana da Galia.

22. Que dinastía se implantou a mediados do século VIII? Quen alcanzou o máximo esplendor?

Pipino el Breve implantou unha nova dinastía, os carolinxios. Con Carlomagno acadou o máximo esplendor.

23. Que se propuxo? Que fixo para acadalo? Que pasou no ano 800?

Carlomagno propúxose restablecer a unidade da antigo Imperio romano de occidente. Por iso iniciou unha serie de conquistas polas que foi coroado emperador polo Papa León III no ano 800.

24. Que pasou co Imperio? Como rematou?

Só durou ata o ano 843, ao morrer o fillo de Carlomagno, Luís o Piadoso, xa que foi dividido entre os seus tres fillos.

25. Trallemos co mapa!!



a. Sitúa xeograficamente o mapa. O mapa está centrado en Francia, Alemaña, Italia.

b. Indica o tema representado e a data aproximada. Representa a disgregación do Imperio carolinxio.

c. Sinala o significado dos signos (lenda do mapa). Nel se representa os límites del imperio á morte de Carlomagno no 814 (liña vermella), os territorios dependentes do imperio (en cor marrón claro), o Reino de Carlos o Calvo (verde), o reino de Lotario (beixe) e o reino de Luís o Xermánico (verde claro).

d. Sinala os territorios nos que se dividiu o Imperio. O Imperio dividiuse en tres reinos: o de Carlos o Calvo, o de Lotario e o de Luís o Xermánico.

e. Explica por que sucedeu iso. Porque tras a morte de Luís o Piadoso, fillo de Carlomagno, este dividiu o seu reino entre os seus fillos.

26. Quen dirixía o Imperio? Que papel asumiu?

O goberno do imperio recaía no emperador, que asumiu tamén o papel de defensor da cristiandade.

27. Como se administraba territorialmente o imperio?

Dividiuse en condados, dirixidos por un conde, e en marcas, dirixidas por un marqués, nas provincias fronteirizas para defender o territorio.

28. En que se baseaba a súa economía? Que lles pasou ás actividades urbanas? Onde se desenvolvían principalmente?

Baseábase nas actividades agrarias practicadas en extensos latifundios. As actividades urbanas decaeron xa que pasaron a desenvolverse principalmente nos latifundios.

29. Indica os grupos sociais da sociedade carolinxa e sinala as súas características.

Organizábase en tres grupos. Os nobres e altos cargos eclesiásticos, que posuían a maior parte da terra e desempeñaban os principais cargos de goberno e da administración. Despois o resto de homes libres e por último os servos, que estaban suxeitos á terra.